

Plan de acollida

Curso 2020-2021

Ceip Seis do Nadal

**BAILEMOS
CON
SAÚDE
NO SEIS**

**CURSO
2020/2021**



ÍNDICE

- a) **Contextualización.**
- b) **Novas normas de organización e funcionamento do centro.**
- c) **Actuacións de prevención, hixiene e protección.**
- d) **Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**
- e) **Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.**

a) Contextualización.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”, que será presentado ao consello escolar do centro e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen de diferentes aspectos.

b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Seguindo o Plan de Adaptación do Ceip Seis do Nadal achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

TEMA	MODIFICACIÓN
AULAS	Cada titoría ten a súa aula de referencia. O alumnado da mesma clase configura un grupo estable de convivencia.
HORARIO DE ENTRADA	PORTA 1: PRINCIPAL AO LADO DO APARCAMENTO PORTA 2: VELLOX TAXIS, CENTRO COMERCIAL PORTA 3: CENTRO DE SAÚDE. PORTA PEQUENA. PORTA 4: CENTRO DE SAÚDE. PORTALÓN. PORTA 5: TAXIS PORTA 6: SAÍDAS EXTRAESCOLARES *AS FAMILIAS NON PODERÁN

	<p>ENTRAR AO RECINTO ESCOLAR</p> <p>*ÁS 9H PECHARANSE AS PORTAS EXCEPTO INFANTIL QUE COMEZARÁ A ENTRAR ÁS 9H POR GOTEIO.</p> <p><u>INFANTIL:</u></p> <p>Entrada pola PORTA 2, entrada dos antigos taxis, do centro comercial.</p> <p>6º E.I. entran de 9h. A 9:10h.</p> <p>5º E.I. de 9:10h. a 9:20h.</p> <p>4º E.I. entran entre 9:20h. e 9.30h. (despois do período de adaptación).</p> <p><u>1ºE.P. e 2ºE.P.:</u></p> <p>Entrada pola PORTA 1, principal ao lado do aparcamento.</p> <p>A entrada é de 8: 45h. a 9h.</p> <p><u>3º e 6º:</u></p> <p>entrada pola PORTA 6, de Saídas extraescolares.</p> <p>A entrada é de 8: 45h. a 9h.</p> <p><u>4º e 5º:</u></p> <p>entrada pola PORTA 3 E 4, a do Centro de Saúde. A entrada é de 8: 45h. a 9h.</p>
<p>HORARIO DE SAÍDA</p>	<p><u>SAÍDAS POR FILAS ATA 4º E.P. E POR GOTEIO 5º E 6º E.P. CURSO 2020-2021</u></p> <p>PORTA 1: PRINCIPAL AO LADO DO APARCAMENTO</p> <p>PORTA 2: VELLAS TAXIS, CENTRO COMERCIAL</p> <p>PORTA 3: CENTRO DE SAÚDE. PORTA PEQUENA</p> <p>PORTA 4: CENTRO DE SAÚDE. PORTALÓN.</p> <p>PORTA 5: TAXIS</p>

PORTA 6: SAÍDAS EXTRAESCOLARES

***AS FAMILIAS NON PODERÁN
ENTRAR AO RECINTO ESCOLAR**

***AS SAÍDAS SERÁN POLAS
MESMAS PORTAS QUE AS
ENTRADAS**

INFANTIL: sae pola **PORTA 2**, entrada dos antigos taxis, do centro comercial.

4º E.I. – 13.45h.

5º E.I. – 13.50h.

6º E.I. – 13.55h.

***Sairán en filas cada clase coa mestra que teñan a última hora.**

1º e 2º: saída pola **PORTA 1**, principal ao lado do aparcamento. A saída é ás 13:55h. os de 1º E.P. e os de 2ºE.P. ás 14h.

Sairán polo Patio de Columnas.

***Sairán en filas cada clase coa mestra que teña a última hora.**

3º e 6º: saída pola **PORTA 5**, de Saídas extraescolares. A saída será de 3º E.P. ás 13: 55h. e 6ºE.P. ás 14h.

***Os de 3º sairán en filas coa mestra que teñan a última hora.**

*** Os de 6º E.P. sairán por Goteo sempre que teñan autorización de saída e en fila coa mestra os que non teñan autorización.**

4º e 5º: entrada pola **PORTA 3**, a do Centro de Saúde. A saída será ás 13: 55h. os de 4º E.P. e ás 14h. os de 5º E.P.

***Os de 4º sairán en filas mantendo a distancia de seguridade coa mestra**

	<p><u>que teñan a última hora.</u></p> <p><u>* Os de 5º E.P. sairán por Goteo sempre que teñan autorización de saída e en fila coa mestra os que non teñan autorización.</u></p> <p>O alumnado de Infantil entregárase en man.</p> <p>De 1º E.P. a 4º E.P. entregárase en man.</p> <p>5º E.P. e 6º E.P. sairán solos sempre que teñan autorización, si non teñen autorización irán acompañados da súa mestra de última hora facendo unha fila sempre mantendo a distancia de seguridade.</p> <p>Adxuntamos táboa de entradas e saídas en Anexo.</p>
<p>HORARIO DE RECREO E VIXILANCIAS DE RECREO</p>	<p><u>RECREO:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - HABERÁ 3 QUENDAS DE RECREO: <ul style="list-style-type: none"> ▪ unha de Infantil ás 11h-11.30h ▪ outra de 1º a 4º de E.P. DE 11.40H. – 12H. ▪ e a última 5º e 6º de primaria DE 12H. A 12.20H. - Haberá 7 mestres no recreo de Infantil, unha en cada zona creada cun grupo de convivencia estable + 1 nos baños - Haberá 10 mestres na quenda de 1º a 4º E.P. unha en cada zona creada cun grupo de convivencia estable + 1 nos baños

	<ul style="list-style-type: none"> - Haberá 6 mestres na quenda de 5º e 6º E.P. unha en cada zona creada cun grupo de convivencia estable + 1 nos baños
ESPAZO DE RECREO	Adxuntamos planos dos espazos de recreo, que serán rotatorios semanalmente, en Anexos.
VIXILANCIAS DE ENTRADAS	Nas entradas haberá varios docentes en cada porta e no percorrido ata as aulas.
ACOMPAÑAMENTO DO ALUMNADO	As familias non poderán acceder ao recinto escolar agás un acompañante por alumno/a no caso do alumnado de 4º E.I.
VENTILACIÓN	O Equipo Docente pasará polas aulas á chegada ao centro e antes das gardas de entrada, para <u>abrir as fiestras e ventilar</u> antes do inicio da xornada. Igualmente quedarán abertas durante a xornada se o tempo o permite e durante o recreo ou sempre que se realicen actividades fóra da aula.
TITORÍAS	Serán preferentemente telemáticas vía email, telefónica, Abalar Móbil ou Webex, aínda que excepcionalmente se permiten as presenciais coas normas de seguridade reflectidas no plan de actuación.
BIBLIOTECA	Non funcionará a biblioteca nos tempos de lecer nin polas tardes. Fomentárase a biblioteca de aula,

	libros dixitais, biblioteca creativa, dinamización da hora de ler, entre outras moitas actividades.
AULA DE INFORMÁTICA	Asistirán un grupo por día de 3º a 6º
ESPECIALIDADES	Como norma xeral as especialidades son impartidas na aula do grupo de referencia. EF será impartida no ximnasio unha sesión á semana e a outra será na aula de referencia. Relixión impartirase na aula de relixión seguindo as normas de seguridade do protocolo (ventilación e desinfección).
USO DE ASEOS	Cada grupo burbulla terá asinado un inodoro.
AFOROS	A limitación de aforo para os baños será a un usuario por inodoro que comparte o mesmo grupo burbulla, e para controlalo haberá un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non. No caso da Sala de Mestres o aforo é de 15 persoas.
MERENDAS	Realizaranse sempre na aula hixienizando antes e despois as mesas e as mans. A hixienización a levarán a cabo os propios alumnos coa supervisión da mestra/e.
CIRCULACIÓN POLO CENTRO	Sempre pola dereita, respectando a cartelería e respectando as quendas de circulación.
ACTIVIDADES	Debido á organización en grupos de

	convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferentes niveis (festivais, actividades e celebracións a nivel centro, etc.)
SECRETARÍA	Para acudir á secretaría do centro é obrigatorio pedir cita previa chamando ao teléfono 886120180 ou por email: cep.seisdonadal@edu.xunta.gal .
DIRECCIÓN	Para falar con Dirección é obrigatorio pedir cita previa chamando ao teléfono 886120180 ou por email: cep.seisdonadal@edu.xunta.gal .
ORIENTACIÓN	Para falar con Orientación é obrigatorio pedir cita previa chamando ao teléfono 886120180 ou por email: cep.seisdonadal@edu.xunta.gal .

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso **reunións por aula coas familias.**

Estas reunións terán lugar no patio do centro, nun lado os grupos A, que entrarán pola porta 1 e por outro os grupos B, que entrarán pola porta 2. Nos niveis que existe grupo C, estes entrarán pola porta 5 e as reunións terán lugar no comedor. Realizaranse baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación de metro e medio entre cadeiras.
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.

As datas e horas son as seguintes:

Xoves 3 de setembro:

16:30h. 4º Ed. Infantil entrada pola porta 1 principal

Venres 4 de setembro:

16:30h. 6º Ed. Infantil A entrada pola porta 1 principal

16:30h. 6º Ed. Infantil B entrada pola porta 2 centro comercial

Luns 7 de setembro:

4ºPrimaria A ás 16:30h entrada porta 1 principal

4ºPrimaria B ás 16:30h entrada porta 2 centro comercial

3ºPrimaria A ás 18:00h entrada porta 1 principal

3ºPrimaria B ás 18:00h entrada porta 2 centro comercial

Martes 8 de setembro:

2ºPrimaria A ás 16:30h entrada porta 1 principal

2ºPrimaria B ás 16:30h entrada porta 2 centro comercial

1ºPrimaria A ás 18:00h entrada porta 1 principal

1ºPrimaria B ás 18:00h entrada porta 2 centro comercial

1ºPrimaria C ás 18:00h entrada porta 5 taxis-comedor

Mércores 9 de setembro:

6ºPrimaria A ás 16:30h entrada porta 1 principal

6ºPrimaria B ás 16:30h entrada porta 2 centro comercial

5ºE. Infantil A ás 18:00h entrada porta 1 principal

5ºE. Infantil B ás 18:00h entrada porta 2 centro comercial

5ºPrimaria A ás 19:30h entrada porta 1 principal

5ºPrimaria B ás 19:30h entrada porta 2 centro comercial

5ºPrimaria C ás 19:30h entrada porta 5 taxis-comedor

Deberase ser puntual e respectar as normas con flexibilidade e paciencia pois o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican tanto o cambio de porta de acceso ao colexio como de ruta que debe seguir para chegar a súa aula, sumado ao alumnado que cambia de nivel, mestre/a e aula.

No caso do **alumnado de nova incorporación** o primeiro día lectivo, flexibilizarase o horario e entrará ás 10h. pola porta 1, principal. Unha vez dentro, haberá un Mestre/a para acompañalo a súa aula.

c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

PREVENCIÓN:

Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos. Asemade, informarase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.

O obxectivo principal da proposta que facemos de entradas e saídas é evitar aglomeracións e tempos de espera nas mesmas.

O éxito deste plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto polas familias como por parte do profesorado.

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:
 - Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
 - Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder a súa aula.
 - Establecer quendas de recreo.
 - Dividir o patio para que cada aula burbulla dispoña dunha zona de recreo, un espazo que será rotatorio.
 - Regular o acceso aos aseos.
- Distancia social.
 - Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
 - Evitar situación de contacto físico.
- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa Covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos /as ao colexio se presentan algún dos síntomas compatibles coa Covid, polo que deberán firmar unha **Declaración Responsable** (adxunta en anexos). As familias deberán facer un test diario no que comprobemos a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

HIXIENE:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual. Temos elaborado un protocolo de limpeza do noso centro.

- Hixiene xeral do centro:
 - Reforzar o servizo de limpeza.
 - Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces por mañá.
 - Facer limpeza de aulas e espazos común de mañá e de tarde, dependendo da zona.
 - Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
 - Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado e profesorado.
- Hixiene persoal:
 - Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá un kit de limpeza que contará con dosificadores e hidroxel nas aulas (controlado polo profesorado) e xabón líquido nos baños.
 - Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
 - Aprender a manipular correctamente as máscaras.
 - Os usuarios de espazos e elementos común deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa e posterior ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección

específicos e panos desbotables e xel. Isto supón un exercicio de educación cívica e respecto, unha boa aprendizaxe para todos e todas.

- Limpeza de elementos propios de traballo: cada Mestre e cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exixe da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.

PROTECCIÓN:

- Uso da máscara:
 - Uso obrigatorio para todo o profesorado.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado de Primaria, dentro das aulas, en zonas común e recreos.
 - Uso obrigatorio para o alumnado de Infantil nas entradas e saídas ao centro e nos espazos comúns.
- Mamparas
 - Instalouse unha en Secretaría para a atención ás familias, e temos dúas móbiles que en principio usaranse no Departamento de Orientación e no Despacho de Dirección. Poderá haber unha para a aula de AL.

d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar os medios telemáticos, como quedou amosado ao longo do curso 19/20.

En calquera caso, a coordinadora do equipo TICs con axuda do seu equipo será a responsable do traballo de mantemento da aula virtual, que, a día de hoxe, todavía non está preparada para o comezo de curso cos cursos do 2020/2021 creados. O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs.

Por outra banda **as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro**, que son as seguintes:

- Aplicación Abalarmóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, pedir citas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites.
Cep.seisdonadal@edu.xunta.gal
- Páxina Web: onde se colgarán todas as novas importantes.
- Teléfono: comunicación directa e inmediata. 886120180.

e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O obxecto do Ceip Seis do Nadal segue a ser desenvolver unha aprendizaxe favorecedora da educación INCLUSIVA integral de PERSOAS, en convivencia positiva, na que a diversidade sexa eixo vertebrador, evitando todo tipo de discriminación no proceso educativo, respectando e valorando as diferenzas que existen entre as persoas que aquí conviven. Isto cobra maior importancia nos tempos que toca vivir, concretamente neste curso, polo que prestarase especial atención aos aspectos emocionais e sociais do noso alumnado, tratando de conformar un plan con actividades que traballen estes aspectos e asesorar ás familias no que precisen.

Para estes primeiros días do inicio de curso, propoñemos unha recomendación para cada sector da comunidade educativa:

- **ALUMNADO:** visionado de historias animadas curtas que farán reflexionar aos nosos nenos e nenas da importancia da cooperación e do traballo en equipo para chegar a obxectivos comúns. Neste inicio de curso cobra especial importancia o cumprimento das normas para un ben propio e común. Pódense visionar nestes enlaces:

Educación Infantil: <https://www.youtube.com/watch?v=fULBjv0fS2A>

Educación Primaria: <https://www.youtube.com/watch?v=pXvBckVO7EM>

- **PROFESORADO:** este vídeo, subtulado en español, relata a experiencia dun profesor que pon en práctica un verdadeiro aprendizaxe emocional.

Pensando en los Demás - "Pedagogía para la Vida"

<https://www.youtube.com/watch?v=Ui53N9LHpWo>

- **FAMILIAS:** libro moi práctico con estratexias para xestionar as emocións dos máis cativos, acompañado de ilustracións.

“Cómo hablar para que los niños escuchen y cómo escuchar para que los niños hablen”. Adele Faber y Elaine Mazlish.

Tanto para profesorado como para alumnado supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.

- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contagiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera de nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoialo e coidalo emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e

como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

Saliéntase que Este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellería) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que O Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.